| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Medidas de Solución de Conflitos** | | | | |
| Materia | Medidas de Solución de Conflitos | | | |
| Código | V08M104V01217 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Xestión e Dirección Laboral | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Casas de Ron, José Mª | | | |
| Profesorado | Casas de Ron, José Mª<br>Martínez Barbero, Verónica<br>Pouso Lijo, Ana | | | |
| Correo-e | jipontevedra@mtin.es | | | |
| Web | http://fatic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Trátase do estudo do conflicto laboral como parte integrante das relacións laborais e o seu normal desenvolvemento. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social |
| A2 | Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral. |
| A4 | Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións. |
| A5 | Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral. |
| A8 | Coñecer os dereitos e obrigas dos traballadores e das distintas frmas de extinción do contrato de traballo. |
| A12 | Adquirir habilidades necesarias para por en funcionamento un Servizo de Prevención Propio o Alleo e xestionarlo. |
| A13 | Coñecer as respostas da Administración frente ós incumprimentos laborais e ser capaz de participar no procedemento administrativo sancionador. |
| A14 | Xestionar as relacións laborais transfronteirizas e transnacionais, tan frecuentes no sur de Galicia. |
| B2 | Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de constextos máis amplos (ou multidisplinares) relacionados coa súa área de estudo. |
| B3 | Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuizos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuizos. |
| B4 | Que os estudantes sepan comunicar as súas conclusións (e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan) a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades. |
| B5 | Que os estudantes posean as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo. |

| Competencias de materia | |
|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
| Adquirir un coñecemento amplo das institucións básicas do ámbito socio-laboral especialmente do Dereito do Traballo e da Seguridade Social.<br>Desenrolar os coñecementos, habilidades e aptitudes que permitan unha idónea dirección e xestión laboral. | A1<br>A2 |

| | | |
|---|---|---|
| Desenrolar a capacidade de organización, planificación e toma de decisións.<br>Adquirir os coñecementos necesarios nos campos laboral, tributario e de Seguridade Social para prestar servicios de asesoría socio-laboral. | A4<br>A5 | |
| Coñecer os dereitos e obrigas dos traballadores e das distintas frmas de extinción do contrato de traballo. | A8 | |
| Adquirir habilidades necesarias para por en funcionamento un Servizo de Prevención Propio o Alleo e xestionarlo.<br>Xestionar as relacións laborais transfronteirizas e transnacionais, tan frecuentes no sur de Galicia. | A12<br>A13<br>A14 | |
| Que os estudantes sepan aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de constextos máis amplos (ou multidisplinares) relacionados coa súa área de estudo.<br>Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrentarse á complexidade de formular xuizos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuizos.<br>Que os estudantes sepan comunicar as súas conclusións (e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan) a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.<br>Que os estudantes posean as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo. | | B2<br>B3<br>B4<br>B5 |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Tema I. O conflito laboral e as súas medidas de integración. | 1.Delimitación no concepto no marco social.<br>2.Clasificación e características dos conflitos.a)individuais e colectivos.b) Sobre intereses e sobre dereitos laborais.<br>3.A lexislación europea, estatal e autonómica na materia de conflitos.<br>4.As competencias e os órganos ante o conflito laboral: previsións constitucionais.<br>5.A dimensión autonómica na solución do conflito. |
| Tema II. O desenvolvemento do conflito e a prevención do mesmo. | 1.Conflitos potenciais e conflitos reais.<br>2.Conflitos internos e conflitos exteriorizados.<br>3.A autocomposición do conflito. a) A negociación colectivo como solución natural ó conflito.b) A intervención dos representantes dos traballadores: representacións unitarias e representacións sindicais. c) Os medios establecidos ó abeiro da negociación colectiva: a comisión consultiva nacional de convenios colectivos, as comisións paritarias e as comisións de conflitos ou similares. d) outros medios: os códigos de boas prácticas e a responsabilidade social corporativa.<br>4.A función mediadora da ITSS: o seu papel na prevención do conflito.<br>5.Os conflitos individuais. Os servizos de mediación, arbitraxe e conciliación. O futuro na intermediación no conflito individual. |
| Tema III. O procedemento xudicial de conflito colectivo. | O capítulo VIII do título II da Lei Reguladora da Xurisdición Social. Estudo e análise do procedemento. |
| Tema IV. Os conflitos exteriorizados. | 1.A folga e os medios de solución do conflito.a) Os comités de folga como instancia de resolución.b) A intervención regrada da autoridade laboral e o intento de avinza.<br>2.Os servizos esenciais para a comunidade: a arbitraxe obrigatoria.<br>3.A arbitraxe obrigatoria na fixación dos servizos mínimos nas empresas.<br>4.O peche patronal como conflito colectivo. A finalización por requirimento da reapertura efectuado pola autoridade laboral. |
| Tema V. Medios de solución extraxudicial dos conflitos colectivos. | 1.A Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.<br>2.Os Acordos Interconfederais na solución extraxudicial dos conflitos.a) O V Acordo sobre Solución Autónoma de Conflitos Laborais (ASAC).b) Os Acordos Interconfederais autonómicos. |
| Tema VI. O Acordo Galego para a Solución Extraxudicial dos Conflitos Colectivos de Traballo (AGA). | 1.O Consello Galego de Relacións Laborais: o Servizo de Solución de Conflitos.<br>2.O Rexistro de Mediadores e Árbitros.<br>3.O procedemento de conciliación e mediación.<br>4.O procedemento de arbitraxe. O laudo: natureza, contido, efectos e medios de impugnación.<br>5.Análise práctico dos procedementos aplicables: a acta de acordo en mediación e o laudo arbitral. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | 15 | 19 | 34 |
| Estudo de casos/análises de situacións | 4 | 16 | 20 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Probas de tipo test | 1 | 20 | 21 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Sesión maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |
| Estudo de casos/análises de situacións | Entrevistas, conversacións e aclaracións de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades nas que se estructura a materia e o proceso de aprendizaxe. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Estudo de casos/análises de situacións | Entrevistas, conversacións e aclaracións de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades nas que se estructura a materia e o proceso de aprendizaxe. |
| Sesión maxistral | Entrevistas, conversacións e aclaracións de dúbidas que o docente mantén co seu alumnado para asesoramento e desenvolvemento das distintas actividades nas que se estructura a materia e o proceso de aprendizaxe. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Sesión maxistral | Valorarase a asistencia do alumno, así como, de maneira especial, a participación activa nas sesións, materializada no plantexamento de dúbidas ou cuestións relacionadas coa temática obxecto de estudo. | 25 |
| Estudo de casos/análises de situacións | A o largo do período docente o alumno realizará dous exercicios prácticos relativos ós contidos da materia, representando cada un, un 25% da nota final. | 25 |
| Probas de tipo test | O alumno realizará unha proba tipo test na que serán avaliados os seus coñecementos teóricos e prácticos da materia. | 50 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Os exames de cada convocatoria terán lugar nas datas e horas indicadas no calendario oficial, debidamente publicado, aprobado pola Comisión Académica do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o curso 2014-2015.

**1ª CONVOCATORIA (maio-xuño 2015):**

**Os/as alumnos poderán optar por un dos seguintes sistemas de avaliación:**

a) **Avaliación continua**. Para someterse ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá acreditar a asistencia a un 80% das sesións presenciais.

A efectos de avaliación continua, consideraranse os aspectos seguintes:

- Asistencia e participación activa do alumno nas sesións: 25%

- Exercicios prácticos: 25%

- Proba tipo test: 50%

As tarefas e proba de avaliación serán realizadas ao longo do correspondente período de docencia. **A suxexión ao sistema de avaliación continua, mediante a realización de tarefas e proba escrita sinaladas, EXCLÚE A POSIBILIDADE DE SOMETERSE AO SISTEMA DE AVALIACIÓN FINAL**

b)**Avaliación final**. Aqueles alumnos que non se acollan ao sistema de avaliación continua, serán avaliados mediante un exame final consistente nunha proba escrita, relativa a tódolos contidos, teóricos e prácticos, da materia. Dito exame representará o 100% da nota final.

**2ª CONVOCATORIA (xullo 2015):**

Acudirán a convocatoria de xullo, aqueles alumnos que téndose sometido ao sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación final, non superaran a materia en primeira convocatoria.

De ter optado polo Sistema de avaliación continua, as notas acadadas na mesma conservaránse para a convocatoria de xullo. Agora ben, se o alumno non supera a materia nesta última convocatoria, as citadas notas de avaliación continua non

se conservarán, debendo pois, ben someterse a un novo proceso de avaliación continua, ben optar polo sistema de avaliación final.

## Bibliografía. Fontes de información

2- JAVIER MATÍA, TOMÁS SALA, FERNANDO VALDÉS Y JOSÉ VIDA. Huelga, cierre patronal y conflicto colectivo. (Madrid, 1982).

4- JUAN HERNÁNDEZ VIGUERAS. La solución de conflictos en el sistema de relaciones laborales. (Madrid, 1992).

## Recomendacións

**Materias que continúan o temario**

Prácticas Externas/V08M104V01219
Traballo Fin de Máster/V08M104V01220

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Administración Laboral e Dereito Sancionador do Traballo/V08M104V01218

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Dereito do Traballo e Crise da Empresa/V08M104V01102